

# Concurso Literario

## LETRAS GALEGAS 2019

### IES CAMPO DE SAN ALBERTO – VIRXE DO MAR DE NOIA

#### BASES

- a) Poderán concorrer a este certame literario os alumnos e alumnas matriculados/as en calquera dos dous centros educativos no presente curso académico 2018-2019.
- b) Establécense tres niveis de participación nas modalidades de RELATO e POESÍA:  
*NIVEL 1.*-Alumnado *PRIMEIRO CICLO* da ESO.  
*NIVEL 2.*-Alumnado *SEGUNDO CICLO* da ESO.  
*NIVEL 3.*-Alumnado *BACHARELATO* e *CICLOS FORMATIVOS*
- c) En cada nivel concederanse dous premios (que poderán quedar desertos) correspondentes ás modalidades de *RELATO* e *POESÍA*. A contía dos premios será de 60 e 30 euros. De estimarse oportuno, o xurado poderá outorgar algún accésit.
- d) De cada traballo deberá ser orixinal e achegaranse tres copias mecanografadas dentro dun sobre pechado no que constará:  
- *LEMA* ou *PSEUDÓNIMO* do alumno/a.  
- *NIVEL* no que se participa.  
- *MODALIDADE* (relato ou poesía).  
Dentro do sobre grande irá outro máis pequeno pechado, co mesmo lema ou pseudónimo, onde se incluirá:  
- *NOME E APELIDOS*.  
- *CURSO, GRUPO* e *CENTRO* no que está matriculado/a.
- e) O tema e extensión serán libres e os traballos entregaranse nas Secretarías dos Institutos antes das 12:30 horas do día: **3 de maio de 2019**. A entrega dos premios realizarase no IES Virxe do Mar o día **16 de maio** na hora que se comunicará oportunamente.
- f) O xurado estará formado por membros dos EDLG e o seu fallo será inapelable.
- g) A presentación ao Certame, implica a aceptación das devanditas bases.



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**